



# CONVOCATORIA

**EXPTE. 2021005972**

Pola presente convócase a vostede á **sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno** que se realizará no salón de sesións desta casa consistorial en Sanxenxo, ás **08:30 horas do día 29 de xuño de 2021 (martes)**.

A motivación da convocatoria con carácter extraordinario desta sesión, vén dada polo feito de que o expediente referente á continuidade na prestación da concesión do servizo do ciclo da auga debe resolverse, mediante acordo plenario, con data límite do día 30 de xuño de 2021, e pola necesidade de ir avanzando na determinación da modalidade da xestión do centro do día cara á futura contratación deste servizo.

Lémbaselle a obriga da asistencia, de non existir causa xustificada que llo impida, que coa antelación suficiente deberá comunicar á presidencia, co fin de evitar a sanción na que noutro caso podería incorrer segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Prégase puntual asistencia.

Até a realización da sesión poderá vostede examinar os antecedentes, remitidos vía telemáticamente con esta convocatoria, de forma presencial nas oficinas do concello, relacionados co seguinte **ORDE DO DÍA:**

**1º) EXPTE. NÚM.: 2020000141 “CONCESIÓN DOS SERVIZOS DO CICLO DA AUGA (ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, SANEAMENTO E EVACUACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS): PROPOSTA ALCALDÍA PARA DETERMINAR QUE A EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DO CICLO DA AUGA CONTINÚE NA PRESTACIÓN DO REFERIDO SERVIZO, ÚNICA E EXCLUSIVAMENTE DURANTE O PERIODO NECESARIO PARA REALIZAR A TRAMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS PREVIAS AO NOVO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, ASÍ COMO DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO CITADO EXPEDIENTE ATA A FORMALIZACIÓN DO CONTRATO RESULTANTE DESTE PROCESO.**





**2º) EXPTE. NÚM.: 2021005187 “MODALIDADE DA XESTIÓN DO SERVIZO DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL”: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE MODALIDADE NA XESTIÓN DO SERVIZO DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO.**

**3º) EXPTE. NÚM. 2021005087: POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 02/06/2021 (R. DE ENTRADA NÚM. 2021005700), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 21/05/2021 REMITIUSE ÁO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A CERTIFICACIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2019.-----**

**Sanxenxo,  
A alcaldesa acctal.  
María Deza Martínez  
(sinatura dixital)**

